Bases da promoción Sorteo 100% Dixital

Bases actualizadas no día 18 de xullo de 2019

1.- Entidade organizadora

BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A. (de agora en diante "BBVA" ou o "Banco"), con CIF A48265169 e con domicilio social en Bilbao, Plaza San Nicolás, nº 4 (España).

2.- Obxecto da promoción

Co obxecto de fomentar o uso das canles dixitais entre os seus clientes, o BBVA vai sortear, entre aqueles clientes que accedan á parte privada do web ou da app do BBVA a través do móbil, trinta mil euros en premios durante os meses de xullo, agosto e setembro de 2019.

3.- Participantes. Requisitos para participar no sorteo.

O BBVA informará os clientes seleccionados para participaren no sorteo cando accedan á parte privada da app ou do web do BBVA no móbil.

4.- Duración

A promoción incluirá os clientes que cumpran cos requisitos establecidos no punto 3 durante o período comprendido entre o día 1 de xullo e 30 de setembro de 2019.

5.- Ámbito territorial

A promoción vai dirixida a clientes do BBVA en España.

6.- Premio

A promoción consta de tres sorteos mensuais de dez mil euros. En cada sorteo daranse dez premios de trescentos euros, vinte premios de douscentos euros e trinta premios de cen euros. En total sortearanse trinta mil euros.

7.- Sorteos

O BBVA elaborará mensualmente un ficheiro informático que conterá a relación numerada correlativamente de todos os clientes que cumpren os requisitos para participaren no sorteo, de maneira que a cada cliente que conste no ficheiro lle será asignada unha participación.

Os sorteos realizaranse coa ferramenta en liña http://www.alazar.info (a "Ferramenta") os días 6 de agosto, 6 de setembro e 7 de outubro de 2019.

No sorteo de 6 de agosto incluiranse os participantes que cumpran os requisitos do punto 3 e que accedesen á parte privada da app ou do web BBVA a través do móbil polo menos unha vez durante o mes de xullo.

No sorteo de 6 de setembro, incluiranse os participantes que cumpran os requisitos do punto 3 e que accedesen á parte privada da app ou do web BBVA a través do móbil polo menos unha vez durante o mes de agosto.

No sorteo de 7 de outubro incluiranse os participantes que cumpran os requisitos do punto 3 e que accedesen á parte privada da app ou do web BBVA a través do móbil polo menos unha vez durante o mes de setembro.

O BBVA resérvase o dereito a modificar o procedemento dos sorteos, polo que o poderá substituír por outro sempre que garanta a absoluta imparcialidade, en cuxo caso os participantes serán informados.

8.- Premios

En cada sorteo, a Ferramenta xerará sesenta resultados, correspondentes aos sesenta gañadores dos premios: os dez primeiros recibirán trescentos euros cada un, os vinte seguintes douscentos euros cada un e os trinta seguintes cen euros cada un.

Os gañadores deberán ter aberta conta no BBVA no día de celebración do sorteo. Se non cumprise con esta condición o seu premio quedará deserto.

Se por causas alleas á vontade do BBVA non se puidese celebrar o sorteo na data prevista, este suspenderase e pasará a realizarse na data laborable (excluídos sábados) inmediatamente posterior, unha vez que se emendase o problema que impedise a realización do sorteo.

9.- Notificación do premio e entrega.

Cada vez que se celebre un sorteo, realizarase a notificación aos clientes que resultaron gañadores do Sorteo, por correo electrónico, postal ou teléfono.

O Banco aboará os premios na conta aberta a nome dos respectivos gañadores no BBVA nos 30 días seguintes á celebración do sorteo.

10.- Fraude

No caso de que o BBVA ou calquera entidade que estea ligada profesionalmente aos sorteos detecten calquera anomalía ou sospeiten que un participante está impedindo o normal desenvolvemento dos sorteos, alterando ilegalmente o seu rexistro, participando mediante calquera procedemento –técnico ou informático– que puidese falsear o resultado ou a mecánica de participación (incluíndo a utilización de procesos informáticos automatizados e outros procesos que non supoñan a realización de operacións de forma manual por persoas físicas no contorno BBVA), poderán de forma unilateral eliminar a inscrición dese participante. A respecto disto, é importante engadir que o BBVA habilitou os necesarios soportes tecnolóxicos para detectar calquera posible actuación fraudulenta, anómala ou dolosa que pretenda alterar a participación co obxectivo de lograr o premio de forma ilícita. Polo tanto, o BBVA resérvase o dereito de eliminar do rexistro calquera participante que evidencie ou do que se sospeite unha actuación irregular no sentido descrito.

11. - Fiscalidade

Ao premio do presente sorteo seralle de aplicación a Lei 35/2006 de 28 de novembro pola que se aproba o imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis sobre os impostos de sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio; a Lei 26/2014, do 27 de decembro que modifica a anterior; o Real decreto núm. 439/2007, polo que se aproba o seu regulamento e as súas modificacións posteriores; o Real decreto lexislativo 5/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes (IRNR) (tamén modificado pola Lei 26/2014, de 27 de decembro); o Real decreto 1776/2004, de 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre a renda de non residentes; a Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades; o Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre sociedades; a Lei 13/2011 de regulación do xogo e demais disposicións concordantes e ditadas no seu desenvolvemento.

De conformidade coa citada normativa, os participantes fican informados de que os premios concedidos pola participación en xogos, concursos, rifas ou combinacións aleatorias vinculadas á venda ou promoción de bens ou servizos teñen a consideración de ganancia patrimonial. Ao seren os premios inferiores a trescentos euros (300 €) non estarán suxeitos a ingreso a conta.

As repercusións fiscais que a obtención do premio teña na fiscalidade do premiado, serán por conta deste, polo que o BBVA queda relevado de calquera responsabilidade. Para este efecto, o BBVA emitirá e porá a disposición do premiado un certificado cos datos correspondentes ao premio unha vez acabado o ano natural.

Con independencia das persoas que gocen do premio, para efectos fiscais, o contido desta cláusula será de aplicación aos premiados.

12.- Tratamento de datos de carácter persoal

En cumprimento do que se establece na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais e na Lei 34/2002, de 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e comercio electrónico, o participante autoriza que os datos persoais que se fixeron constar polo simple feito da súa participación, así como aqueloutros que poida facilitar para poder participar, sexan incorporados a ficheiros do BBVA para a realización, o control, seguimento e xestión do sorteo.

O responsable do tratamento é o BBVA con domicilio social na Plaza San Nicolás número 4, 48005 Bilbao (Bizkaia). O usuario poderá exercitar en calquera momento os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e supresión, naqueles supostos

en que sexa posible, e oposición ao tratamento dos seus datos de carácter persoal mediante o envío dunha notificación por escrito, anexando copia dun documento que acredite a súa identidade, ao enderezo derechosprotecciondatos@bbva.com ou en calquera das oficinas do BBVA ou no Servizo de Atención ao Cliente Grupo BBVA, Apdo. 1598 - 28080 Madrid.

Se consideras que non tratamos os teus datos persoais de acordo coa normativa, podes contactar co delegado de Protección de Datos no enderezo dpogrupobbva@bbva.com. En calquera caso, tes dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.agpd.es).

A participación nos sorteos e os datos que nel se fagan constar, así como calquera outra documentación ou datos achegados relacionados con este, serán conservados polo BBVA, para unha mellor xestión e control dos sorteos durante o prazo de seis meses desde a finalización deste.

13.- Responsabilidade

O BBVA non se responsabiliza das posibles perdas, deterioracións, roubos, atrasos, faltas de dispoñibilidade nas redes de telecomunicacións, ou calquera outra circunstancia imputable a terceiros que puidesen afectar á participación nos sorteos. Para o suposto de que os sorteos non se puidesen desenvolver ben por fraudes detectadas neles, erros técnicos ou calquera outra circunstancia que non estea baixo o control do BBVA, e que afecte o seu normal desenvolvemento, o BBVA resérvase o dereito a cancelalos, modificalos, ou suspendelos.

O BBVA non se responsabiliza de que os datos dos gañadores sexan erróneos ou non se poida contactar con eles por causas alleas ao BBVA.

14.- Aceptación de bases. Consulta das condicións. Modificación.

O acceso ao web conforme ao indicado no punto 3 supón a aceptación íntegra dos termos e condicións establecidos nas presentes bases. Os participantes nos sorteos deberanse ater ás instrucións que puidese cursar ademais, se é o caso, o BBVA.

O participante poderá consultar estas bases no sitio web www.bbva.com

O BBVA resérvase o dereito de modificar as condicións e datas dos sorteos informándoas axeitadamente.

15.- Reclamación

O período de reclamación da presente promoción finaliza transcorridos 45 días naturais desde a data de finalización do último sorteo.

16.- Lexislación e xurisdición

Os termos e condicións das presentes bases rexeranse polas leis de España.

Madrid, 18 de xullo de 2019.